

A investigación sobre literatura infantil e xuvenil no marco ibérico. Unha rede temática: obxectivos, retos e actividades

BLANCA-ANA ROIG RECHOU

Universidade de Santiago de Compostela

«As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico» (LIXMI) é unha rede temática de investigadores de Literatura infantil e xuvenil vinculada á Universidade de Santiago de Compostela, á que pertence a súa investigadora principal, Blanca-Ana Roig Rechou¹. Neste momento está formada por investigadores de trece universidades de España², Portugal³ e Iberoamérica⁴ e conta cos apoios das máis relevantes institucións destes ámbitos vinculadas coa Literatura infantil e xuvenil⁵.

¹ Para coñecer máis sobre a súa traxectoria ver <http://web.usc.es/~fgroig/>

² Representadas polos investigadores do ámbito castelán Pedro Cerrillo Torremocha (Universidad de Castilla La Mancha), Jesús Díaz Armas (Universidad de La Laguna) e Victoria Sotomayor Sáez (Universidad Autónoma de Madrid); do ámbito catalán Caterina Valriu (Universitat de les Illes Balears), Gemma Lluch Crespo (Universitat de Valencia) e Ramón Lloréns (Universitat de Alicante); do ámbito galego Blanca-Ana Roig Rechou, María Jesús Agra Pardiñas e Carmen Franco Vázquez (Universidade de Santiago de Compostela); do ámbito vasco Xabier Etxaniz Erle e María José Olaziregi Alustiza (Universidad del País Vasco), ademais das investigadoras colaboradoras Eulalia Agrelo Costas, Marta Neira Rodríguez, José M^a Lema Mesías (Universidade de Santiago de Compostela e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) e Isabel Mociño González (Universidade do País Vasco e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).

³ Representadas polos investigadores José António Gomes (Escola Superior de Educação del Instituto Politécnico de Porto) e Ana Margarida Ramos (Universidade de Aveiro), ademais da investigadora colaboradora Sara Reis da Silva (Universidade do Minho).

⁴ A incorporación dos membros máis recentes tivo lugar no marco dunha reunión científica celebrada en Madrid (16-17 de febreiro de 2007), na que se decidiu ampliar a Rede ao ámbito iberoamericano. Os membros que se incorporaron foron: Cecilia Bajour (Universidad Nacional de San Martín-Argentina), Gustavo Horacio Bombini (Universidad de Buenos Aires-Argentina), João Ceccantini (UNESP, Universidade Estadual Paulista «Julio de Mesquita Filho», Brasil) e Beatriz Helena Robledo Botero (Universidad Javeriana, Colombia). Todos eles asumiron as propostas e as liñas de investigación marcadas pola Rede.

⁵ Que son ANILIJ (Asociación Nacional de Investigadores en Literatura Infantil), a través de Veljka Ruczika Kenfel; CEPLI (Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura infantil),

1. XESTACIÓN DA REDE

No mes de febreiro do ano 2004, a iniciativa de Blanca-Ana Roig Rechou (Profesora de lingua e literatura galegas na Universidade de Santiago de Compostela), realizouse no marco dos actos de conmemoración do décimo aniversario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Santiago de Compostela), o Iº Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico. A el foron convidados tres profesores universitarios do ámbito lingüístico castelán e dous de cada un dos outros ámbitos lingüísticos que constitúen o marco ibérico, é dicir, os espazos xeográficos, tanto insulares coma peninsulares, que integran España e Portugal e que constitúen unha Comunidade interliteraria ibérica debido ao fluxo de intercambios socio-político-culturais que inciden na produción literaria dos distintos ámbitos lingüísticos. Daquela participaron:

- Ámbito castelán: Pedro Cerrillo Torremocha (Universidad de Castilla La Mancha), Jaime García Padrino (Universidad Complutense de Madrid) e Victoria Sotomayor Sáez (Universidad Autónoma de Madrid).
- Ámbito catalán: Teresa Duran Armengol (Universitat de Barcelona) e Gemma Lluç Crespo (Universitat de Valencia).
- Ámbito galego: Blanca-Ana Roig Rechou e María Jesús Agra Pardiñas (Universidade de Santiago).
- Ámbito vasco: Xabier Etxaniz Erle e María José Olaziregi Alustiza (Universidade do País Vasco).
- Ámbito portugués: José António Gomes (Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto) e Sara Reis da Silva (Universidade do Minho).
- Investigadoras: Eulalia Agrelo Costas, Adelina Guisande Couñago e Isabel Mociño González, colaboradoras do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela.

dirixido por Pedro C. Cerrillo Torremocha; CERLALC (Centro Regional para el Fomento del Libro en América Latina y el Caribe), a través de Luis Fernando Sarmiento; CIDEHUS (Centro Interdisciplinar de História, Culturas e Sociedades, da Universidade de Évora), a través de Cláudia Sousa Pereira; CIRP (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades); CRLM-ML-UPF (Centro de Referência de Literatura e Multimedia-Mundo da Leitura, da Universidade de Passo Fundo), a través de Tania M. K. Rösing; LIBEC (Centro de Investigação em Promoção da Literacia e Bem-Estar da Criança da Universidade do Minho), a través de Fernando Fraga de Azevedo; Grupo de Investigación LITER21, que forma da unidade grupal «Literatura infantil e xuvenil e a súa tradución», dirixida por Veljka Ruczika Kenfel (Xunta de Galicia. Consellaría de Educación. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG. Ref. 2006/48-0); e o Ministerio de Educación y Ciencia do Estado Español, a través das Axudas Complementarias de investigación (HUM2004-20052-E) (HUM2005-23895-E/FILO).

Ao longo das sesións que se realizaron os días 2, 3 e 4 de febreiro, expuxéronse as fortalezas e debilidades das literaturas infantís e xuvenís de cada ámbito lingüístico, e repasáronse as liñas de investigación vixentes nas diferentes Universidades. Unha vez establecido o mapa de traballo, decidiuse realizar un documento, é dicir, unha primeira hipótese, sobre as liñas a iniciar ou aquelas que se considerou que precisaban algún reforzo.

O documento que se fixo público no seu momento propoñía as seguintes:

1.1. Liñas de investigación⁶

1. Historia

- Periodización e xéneros
- Historia dos sistemas literarios (producción, mediación, recepción)
- Bibliografías e dicionarios
- Ilustración

2. Teoría e crítica

- Modelos teóricos
- Estudos de obras, xéneros e creadores
- Canon
- Tradución
- Imaxe
- Literatura de transmisión oral
- Tecnoloxías da información e a comunicación
- Ideoloxía e valores
- Edicións críticas

3. Literatura comparada

- Estudos comparatistas: estilos, xéneros e temas
- Relacións diacrónicas e sincrónicas
- Multiculturalismo

⁶ Guiados por un criterio de síntese, pretendeuse recoller e propoñer grandes liñas de investigación. Para iso, tomáronse como referencia proxectos subvencionados de distinto tipo, teses de doutoramento lidas ou depositadas e traballos titorizados desenvolvidos nos diferentes ámbitos universitarios. Despois das xornadas, onde se fixo un diagnóstico do traballo realizado en diferentes universidades, propuxéronse as liñas de investigación que se consideraron debían atenderse para fixar dunha vez por todas as Literaturas infantís e xuvenís, facelas visíbeis ante a institución académica e dar pasos rigorosos co fin de acometer a formación literaria e lectora con éxito.

4. Lectura

- Promoción e mediación lectoras
- Hábitos lectores
- Lectura da imaxe e cultura visual
- Formación do lector literario
- Aplicacións educativas da Literatura Infantil e Xuvenil

1.2. Acordos

Retomando as conclusións do encontro celebrado en Cuenca o 27 e 28 de outubro do ano 2000 baixo o título de «Literatura Infantil y Universidad», o grupo subscribiu algúns dos acordos que se presentaron porque os considerou en plena vixencia:

- a) Incluír a Literatura Infantil e Xuvenil como materia troncal ou obrigatoria nos futuros planos de estudo de Maxisterio, Filoloxías, Biblioteconomía e Ciencias Documentais, Educación Social e Ciencias da Comunicación e Información.
- b) Incluír a Literatura Infantil e Xuvenil en programas nacionais e europeos de investigación.
- c) Crear institutos universitarios de investigación en Literatura Infantil e Xuvenil, cursos, posgraos, etc.
- d) Fomentar as relacións con centros e departamentos doutras universidades europeas e latinoamericanas.
- e) Solicitar premios e axudas oficiais para a investigación en Literatura Infantil e Xuvenil.

Como consecuencia desta reunión, o grupo de investigadores presentes neste I Encontro fíxose cargo da docencia do «I Curso de Formación continua sobre Literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora», que se iniciaba en Santiago de Compostela, ao amparo da Universidade, da Biblioteca Nova 33 da Fundación Caixagalicia e Gálix (Asociación galega do libro infantil e xuvenil).

2. CONSTITUCIÓN DA REDE TEMÁTICA «LITERATURAS INFANTÍS E XUVENÍS DO MARCO IBÉRICO» (LIXMI)

Foi no marco dese curso onde se realizou unha segunda reunión para comezar a concretar as accións que se tiñan proposto. A creación da Rede Temática foi, precisamente, a primeira plasmación destas accións. No momento da súa creación,

conformouse a Rede cos compoñentes pertencentes ao grupo inicial, un grupo que podería ser descrito como multidisciplinar e multicultural. Multidisciplinar en canto que incluía a investigadores e docentes tanto da Literatura institucionalizada coma da infantil e xuvenil, así como a profesores de Didáctica da lingua e literatura e das artes plásticas, que achegaban claves estéticas para xulgar o feito literario. Multicultural en canto que o profesorado proviña dos distintos ámbitos lingüísticos ibéricos. Na actualidade, como xa se sinalou no inicio desta presentación, a Rede, conservando as características citadas, ampliouse ao ámbito iberoamericano e engadíronse novos membros, ben por necesidades de cada ámbito ben por substitución dos que, por motivos varios, tiveron que deixar de pertencer a ela, aínda que non se desvincularon para traballos concretos.

A constitución da Rede Temática quedou ratificada e afianzada definitivamente grazas á axuda que o Ministerio de Educación e Ciencia (Secretaría Xeral de Política Científica e Tecnolóxica) lle concedeu a tal fin (HUM2004-20052-E) (HUM2005-23895-E/FILO). No momento da constitución da Rede os obxectivos que se sinalaron como prioritarios foron:

2.1. Obxectivos

1. Intercambiar coñecementos e experiencias entre docentes e investigadores de España e Portugal sobre «As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. A súa influencia na formación literaria e lectora», unha temática moi pouco presente nos planos de estudo universitarios nos que se forman os mediadores (educadores, bibliotecarios, familias, investigadores...) e pouco potenciada como liña de investigación.
2. Vertebrar e consolidar unha comunidade científica para mellorar os resultados dos esforzos individuais dos seus membros.
3. Realizar informes sobre a situación actual da disciplina e o seu campo de investigación. Comparar o que sucede no ámbito ibérico e propoñer accións de política educativa e científico-tecnolóxica no terreo científico, terreo que se considera altamente relevante nun momento no que se está implantando un Espazo Europeo Educativo e de Investigación.
4. Contribuír a unha mellora substancial no desenvolvemento dos obxectivos do Plan Nacional de Fomento da Lectura. Non cabe dúbida de que problemas como o da falta de hábito lector poden ter a súa orixe nunha mala formación literaria, así como no baixo coñecemento por parte dos mediadores das literaturas infantís e xuvenís de cada ámbito lingüístico. Parece pertinente, polo tanto, que no inicio deste milenio tan influenciado polas novas tecnoloxías da información e a comunicación, pola globalización cultural,

se considere a necesidade de reflexionar e analizar o que até o de agora se ten feito no ámbito da investigación da literatura infantil e xuvenil. En definitiva, é a certeza de que a lectura constitúe unha actividade de interese fundamental para a formación integral e flexíbel do ser humano, a que impulsa a debater en torno a todos os aspectos que inciden no hábito lector.

2.2. Accións

Como se pode deducir dos obxectivos, tratábase de facer unha prospección, de indagar cómo se desenvolveu a historia literaria infantil e xuvenil, cómo se confeccionaron as antoloxías, os catálogos, etc., cómo se acometeu a súa ensinanza... co obxectivo de analizar a influencia que ditos elementos e actuacións tiveron na formación literaria e no fomento da lectura. En definitiva, analizar, comparar e obter conclusións que serían vertidas en informes anuais nos que realizar un diagnóstico das debilidades e propoñer accións futuras. Accións, en xeral, encamiñadas a apoiar o hábito lector e a coñecer as literaturas infantís e xuvenís do ámbito ibérico (ampliado agora ao ámbito iberoamericano), as identidades culturais de cada unha delas, as relacións multiculturais que presentan, a intertextualidade... Preténdese, ante o novo século mediático e globalizador que se presenta, incidir na importancia das diversas literaturas infantís e destacar o atractivo que poden presentar, de cara aos mediadores, a variedade e diversidade de voces que as integran.

2.3. Retos

En síntese, o traballo que se intenta desenvolver na rede temática diríxese a dar a coñecer nos ámbitos educativos, investigadores e sociais en xeral, os modos de coñecemento que ofrecen as literaturas infantís e xuvenís como espazos de creatividade, tolerancia e entendemento, coa esperanza de que bote luz sobre fenómenos psicopedagóxicos, literarios, culturais, etc., que polo xeral seguen moi unidos aos límites de discursos disciplinares e académicos claramente insatisfactorios. Estes modos de coñecemento veñen, no marco ibérico e iberoamericano, condicionados por unha realidade multicultural que orixina comunidades interliterarias e interlectoras. Deste modo, a Rede propón unha aproximación que, até o de agora, non foi utilizada con rigor nas universidades á hora de abordar o feito literario infantil e xuvenil. Faise referencia, obviamente, ao enfoque comparatista, tan necesario e pertinente nos actuais estudos teórico-metodolóxicos e literarios.

Pártese da convicción de que este equipo interdisciplinar, con outros equipos de universidades españolas, portuguesas e iberoamericanas, contribuirá ao desenvolvemento do coñecemento achegando novas propostas e metodoloxías baseadas nas tecnoloxías da información e a comunicación.

3. ACTIVIDADES REALIZADAS POLA REDE

Despois da súa creación, os membros da Rede séguense encargando da docencia e elección das temáticas dos cursos de formación continua que anualmente se organizan, como xa sinalamos, en Santiago de Compostela baixo o patrocinio da USC, a Biblioteca Nova 33 (hoxe Biblioteca Fundación Caixagalicia), coa colaboración doutras institucións en cada edición. Estes cursos están estruturados en dúas modalidades: unha virtual que se celebra ao longo do mes de xullo e unha presencial que ten lugar na segunda semana do mes de setembro. A primeira edición do curso de formación continua (2004) no que a Rede temática se encargou da docencia tratou a temática «Cinema e literatura», na edición de 2005 «Revisitar os clásicos», na de 2006 o «Multiculturalismo e Identidades Permeábeis», na de 2007, «Teatro infantil. Texto e representación» e na do 2008 «A Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil».

Tamén é de destacar que como resultado de cada unha das edicións deste curso, e respondendo ás liñas de investigación que a Rede considerou que había que cubrir, se publicaron as seguintes monografías:

Para entenderte mellor. As Literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Cinema e Literatura, coordinado por Gemma Lluch e Blanca-Ana Roig Rechou, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2005, 337 pp. (ISBN: 84-9750-498-4).

Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, 266 pp. (ISBN: 84-9782-378-8).

Multiculturalismo e identidades permeábeis na Literatura Infantil e Xuvenil, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2006, 266 pp. (ISBN: 84-9782-486-5).

Teatro infantil. Texto e representación, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007, 294 pp. (ISBN: 978-84-9782-616-7).

A Guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 399 pp. (ISBN: 978-84-9782-885-7).

Os catro últimos volumes monográficos son publicados, segundo de que ámbito lingüístico proveña o responsábel de cada traballo, en todas as linguas que compoñen o marco ibérico e iberamericano, coa única salvedade de que o texto en lingua vasca se traduce ao galego, debido a que é en Galicia onde se publicaron estas obras.

En cada unha delas, ademais das achegas dos membros da propia Rede tamén participan investigadores doutros grupos, respondendo así á colaboración e intercambio de coñecementos que busca este grupo de investigadores que pretende analizar de

forma comparativa e dende as teorías literarias máis contemporáneas a produción, mediación e recepción das literaturas infantís e xuvenís dos distintos ámbitos lingüísticos que representan, como se vén indicando.

Hai que dicir, ademais, que os membros da Rede forman parte do grupo de investigación LITER21 «Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. Lecturas textuais e visuais» (GI-1839)⁷, inscrito na Universidade de Santiago de Compostela, que á súa vez forma parte da unidade grupal de investigación interuniversitaria «Literatura infantil e xuvenil e a súa tradución», dirixida por Veljka Ruczika Kenfel, da Universidade de Vigo e que conta co financiamento da Xunta de Galicia. Consellaría de Educación. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia (Ref. 2006/48-0).

Deste consorcio tamén xurdiu o monográfico *Grandes autores para pequenos lectores. Literatura para a infancia e a juventude: elementos para a construción de un cânone*, coordinado por José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou, Porto: Deriva Editores, 2007, 126 pp. (ISBN: 978-972-9250-29-3).

Dende a súa constitución, a Rede Temática celebrou diversas reunións científicas, nas que se levaron a cabo debates e reflexións, así como a posta en común con outros investigadores convidados, sobre cada un dos temas a tratar. Até o momento tiveron lugar as seguintes:

- «Docencia, investigación y crítica en el marco ibérico. Los clásicos» (Biblioteca Nova 33, Santiago de Compostela, 22-23 setembro 2004).
- «La formación literaria y lectora: multiculturalismo e identidades permeables. Revisitar os clásicos» (Facultad de Formación de Profesorado y Educación. Universidad Autónoma de Madrid, 15 decembro 2004).
- «Docencia, investigación y crítica en LIJ (2004-2005): Multiculturalismo e identidades permeables» (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 7-8 setembro 2005).
- «Andersen, Verne e a Actualidade. Versões, Adaptações e Recriações» (Biblioteca Pública Municipal de Almeida Garrett, Porto, 16-18 novembro 2005).
- «A literatura infantil ante o espazo universitario europeo: accións e actividades» (Instituto de Estudos da Criança, Universidade do Minho, Braga-Portugal, 9-10 febreiro 2006).

⁷ Pódese atopar toda a información referente aos membros e liñas de investigación deste grupo en: <http://www.usc.es/lijmi/gl21in.html>

- «Literatura infantil e xuvenil. Reflexións para salvar debilidades» (Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela, 12-13 xuño 2006).
- «Docencia, investigación e crítica. Teatro infantil. Informes de literatura» (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 5-7 setembro 2006).
- «Grandes autores para pequenos lectores. Novas actividades de LIXMI» (Biblioteca Almeida Garrett, Porto, 15-16 novembro 2006).
- «Estereotipos, arquetipos, prototipos en la Literatura Infantil y Juvenil. Acciones y actividades de LIJMI» (Universidad Autónoma, Madrid, 16 -17 febreiro 2007).
- «La guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil. Muestra gallega a partir de los *Informes de Literatura*. Acciones y actividades de LIJMI» (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 11- 13 setembro 2007).
- «La poesía infantil. Siglo XXI. Muestra gallega a partir de los *Informes de Literatura*. Acciones y actividades de LIJMI» (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 9-10 setembro 2008).

Dentro das actividades, é de destacar que a Rede temática participa anualmente como coorganizadora dos «Encontros Luso-Galaicos-Franceses do Livro Infantil e Juvenil do Porto», actividade que vén desenvolvendo dende o ano 2005, no que tiveron lugar os 11^{os} Encontros, onde se abordou a temática «Clásicos: Tradição e actualidade», celebrados na Biblioteca Municipal Almeida Garrett do Porto (16-18 de novembro de 2005) e posteriormente nos 12^{os} Encontros, sobre a temática «Grandes autores para pequenos lectores», celebrados no mesmo lugar entre o 15 e o 17 de novembro de 2006 e nos 13^{os} Encontros sobre a temática «Do livro á cena» celebrados no mesmo lugar entre o 15 e o 17 de novembro de 2007. As Actas destes encontros, dende a edición 12^a, son publicadas pola Rede coa axuda da Unidade grupal de investigación citada. Foi o caso até o momento de *12^{os} Encontros luso-galaicos-franceses do livro infantil e juvenil. Grandes autores para pequenos lectores*, CD-Rom (ISBN: 978-84-611-8152-0). Neste momento está no prelo un volume monográfico que acolle a 13^a edición dos Encontros. Estase a traballar na próxima edición, que terá lugar os días 14 e 15 de novembro de 2008 e no que se tratará o tema «A memoria nos libros».

Por último, é de salientar tamén a participación que en diversas actividades tiveron os integrantes do grupo desde a súa constitución, entre elas, o Curso de Verán

da Universidade do País Vasco «Literatura Infantil ante el nuevo Milenio» (San Sebastián, setembro 2004), os cursos de verán da Universidad de Castilla-La Mancha, a participación no Máster do CEPLI (Promoción de la lectura y literatura infantil, creado en 1999) ou en Congresos como as «Jornadas internacionais do LIBEC 2004: Metodologías e investigación» (Instituto de Estudos da Criança-IEC, Universidade do Minho, Braga 2005), «II Congreso Internacional de Literatura infantil «Mitología, tradición e innovación» (Universidade de Tras-os-Montes, 2005); 1^{as} Conferencias Alentejo Literatura, «Literatura para a infancia: leituras no Sul» (Universidade de Évora, abril 2006), e en Comités científicos de congresos como no III Congreso Ibérico de Literatura Infantil y Juvenil: «Lectura, identidades y globalización» (OEPLI-APLLIJ, seccións do IBBY, Valencia, xuño 2005) ou no IV Congreso Ibérico da OEPLI «Leo diferente: el Libro infantil y juvenil desde la diversidad cultural», que se celebrou en San Sebastián entre o 3 e o 5 de xullo de 2008. Todas estas actividades lévanse a cabo coa finalidade de ser fieis ao compromiso adquirido no ámbito da investigación sobre as Literaturas infantís e xuvenís e cumprir cos obxectivos e liñas de investigación marcadas.

Con este breve repaso á configuración da rede temática «As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico» non se quere máis que dar a coñecer o traballo dun grupo de investigadores que queren cumprir con todos os obxectivos propostos e seguir avanzando na colaboración con outros grupos para realizar accións futuras de interese para a área de coñecemento na que se investiga, como quedou manifestado máis arriba. Toda a súa actividade anual pode seguirse por medio da páxina web (<http://www.usc.es/lijmi>).